

## RECOMENDACIÓNS PARA A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO PÚBLICO PARA O OUTORGAMENTO DUNHA LICENZA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL TELEVISIVA DE ÁMBITO AUTONÓMICO E TITULARIDADE PRIVADA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

As solicitudes e documentación necesaria para participar no concurso público para o outorgamento dunha licenza para a prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva de ámbito autonómico e titularidade privada na comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 214, do 8 de novembro) presentaranse a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), regulado pola Orde de 28 de xullo de 2010, pola que se aproba o sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia e se regula o seu procedemento (DOG núm. 169, do 2 de setembro).

O SILEX garante que as ofertas enviadas polas persoas solicitantes sexan presentadas e rexistradas de forma que sexa imposible coñecer o seu contido salvo no momento da apertura da documentación polo persoal autorizado legalmente para iso. Para tal efecto, as ofertas son remitidas á unidade que tramita o expediente, cifradas e fragmentadas. Así mesmo garante que a apertura das ofertas non se realiza ata que remata o prazo para a súa presentación.

O modo de acceso é a través do URL <http://www.conselleriadefacenda.es/silex>. Nesta páxina de inicio no apartado de "Axuda" está dispoñible información de interese e os requisitos para traballar neste sistema. A continuación reproducimos parte do contido inicial da "Guía para licitar":

"Antes de empezar coa presentación de ofertas, é moi importante asegurar, coa suficiente antelación antes de que remate o prazo de presentación de ofertas, que o seu equipo informático estea operativo para poder licitar".

"Para poder presentar unha oferta en SILEX hai que cumprir os seguintes requisitos:

1. Acceder dende un PC con sistema operativo Microsoft Windows 7, 8 ou 10, conexión a Internet e algún dos seguintes navegadores:

- Microsoft Edge, última versión.
- Mozilla Firefox, última versión.

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS  
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

Complexo Administrativo de San Caetano  
Edificio número 7  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 545 922  
Mail [secretaria.medios@xunta.gal](mailto:secretaria.medios@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



- Google Chrome, última versión.

2. Ter instalada a Ferramenta de Licitación SILEX que se pode descargar dende a sección Área de descargas da páxina de inicio de SILEX: <http://www.conselleriadefacenda.es/silex>

3. Dispoñer de Certificado Dixital recoñecido pola Consellería de Facenda e Administración Pública. No seguinte enlace pode consultar todos os certificados admitidos: <http://www.conselleriadefacenda.es/web/facenda/servizos-y-tramites/ov-perceptores/admisionautoridades-certificadoras>

4. Espazo libre en disco de, aproximadamente, catro veces o tamaño dos ficheiros que conforman a oferta.

5. Recoméndase que o equipo teña 4Gb de memoria RAM.”

Expoñemos algunhas **recomendacións e advertencias** á hora de participar neste concurso a través do SILEX:

- O envío telemático poderase realizar durante as 24 horas do día, excepto o último día do prazo no que a presentación de ofertas só se poderá tramitar ata as 14.00 horas.
- Para seleccionar o expediente deste concurso deberá poñer no campo “Referencia”: C-TDT-A-2021.
- É recomendable presentar unha oferta ficticia nos expedientes de probas publicados na contorna de probas, cun prazo razoable de antelación para comprobar que o equipo utilizado cumpre os requisitos para licitar.
- Non se poden ter iniciadas varias sesións no SILEX ao mesmo tempo, xa sexa en diferentes pestanas ou xanelas do navegador, durante a presentación de ofertas.
- Optimizar o tamaño dos arquivos presentados.
- O SILEX admite diversos formatos pero segundo as bases deste concurso toda a documentación presentada estará asinada electronicamente en formato PDF, de conformidade coa Lei 6/2020, de 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza e que deberá permitir a copia do seu contido.
- Segundo a base duodécima deste concurso: “A sinatura electrónica dos documentos **deberá ser previa** á incorporación dos mesmos ao SILEX”. Facemos esta advertencia posto que no SILEX hai a posibilidade de que a documentación presentada poida ser asinada dixitalmente polo propio sistema.
- As persoas solicitantes aseguraranse, baixo a súa responsabilidade, de que toda a documentación relativa ao procedemento se envíe libre de códigos



maliciosos ou de calquera outro problema alleo á Administración que dificulte ou imposibilite a súa lectura.

- Unha vez presentada a oferta recoméndase realizar unha copia de seguridade da documentación.
- Se precisa soporte técnico, pódese poñer en contacto co servizo de soporte no seguinte enlace <https://www.xunta.gal/eservizos/soporte-tecnico/asistente-en-linea> ou ben premer no enlace "Atención ao usuario" que está na parte inferior da páxina durante todo o proceso de presentación de ofertas.